

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

- 4901** *Orde ICT/397/2020, do 30 de abril, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos.*

A disposición derradeira primeira do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE (hoxe Unión Europea), relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, faculta o Ministerio de Industria e Enerxía, hoxe Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para modificar os seus anexos I e II, co fin de adaptalos á evolución producida pola publicación de novas normas comunitarias e novos regulamentos derivados do Acordo relativo á adopción de regulamentos técnicos harmonizados das Nacións Unidas aplicables aos vehículos de rodas e aos equipamentos e pezas que se poidan montar ou utilizar nestes, e sobre as condicións de recoñecemento recíproco das homologacións concedidas conforme os ditos regulamentos das Nacións Unidas, en virtude das emendas adoptadas en Xenebra o 18 de novembro de 2016, en vigor desde o 14 de setembro de 2017 e publicadas no «Boletín Oficial del Estado» número 44, do 19 de febreiro de 2018, (en diante, «o Acordo de Xenebra»), aos cales se adhire a Unión Europea.

Mediante diversas ordes ministeriais, desde a Orde do 4 de febreiro de 1988 ata a do 18 de decembro de 2017, traspuxéronse ou incluíronse as normas do dereito comunitario europeo e incluíronse os regulamentos da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE/ONU), derivados do Acordo de Xenebra, acordados ata a data da última orde citada.

A Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco legal para a homologación dos vehículos de motor e os seus remolques e dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, estableceu as bases para conseguir os obxectivos de harmonización, funcionamento eficaz do mercado interior e competencia leal. A avaliación da súa aplicación efectiva puxo de manifesto a necesidade de revisar o dito marco, feito que se tramitou na aprobación do Regulamento (UE) 2018/858, do 30 de maio, sobre a homologación e a vixilancia de mercado dos vehículos de motor e os seus remolques e dos sistemas, os compoñentes e as unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 715/2007 e (CE) n.º 595/2009 e polo que se derroga a Directiva 2007/46/CE, que será aplicable a partir do 1 de setembro de 2020. O citado regulamento, de aplicación para vehículos para o transporte de persoas, mercadorías, así como dos seus remolques (categorías M, N e O) derroga a actual directiva marco de homologación e senta as bases do sistema de homologación, reforza o sistema de salvagarda, establece métodos de control do sistema e clarifica as responsabilidades de cada un dos axentes implicados. Así mesmo, foron aprobados diversos regulamentos en materia de emisións que introducen novos ensaios durante o proceso de homologación dos vehículos como o ensaio en condicións reais de circulación e o novo procedemento de medición de emisións para WLTP para os ensaios en laboratorio para vehículos lixeiros ou a certificación das emisións de CO<sub>2</sub> en vehículos pesados.

Os cambios regulamentarios non se restrinxen, no entanto, ao ámbito dos vehículos M, N, O. Tamén se aprobaron diversos regulamentos aplicables aos vehículos de 2 e 3 rodas e cuadríciclos, así como para os vehículos agrícolas e forestais.

Así, a aprobación con posterioridade á Orde EIC/1337/2017, do 18 de decembro, de doce regulamentos (UE), 11 regulamentos de execución (UE) e 12 regulamentos delegados (UE) fai necesaria a aprobación dunha disposición que modifique os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 xuño, para adecualos ás ditas disposicións. En concreto, mediante a presente orde o contido dos ditos anexos adecúase ás seguintes normas de dereito da Unión Europea, así como á actualización normativa derivada do Acordo de Xenebra:

a) Regulamento delegado (UE) 2017/654 da Comisión, do 19 de decembro de 2016, que complementa o Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta aos requisitos técnicos e xerais relativos aos límites de emisións e á homologación de tipo dos motores de combustión interna destinados ás máquinas móbiles non de estrada.

b) Regulamento delegado (UE) 2017/655 da Comisión, do 19 de decembro de 2016, que complementa o Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á vixilancia das emisións de gases contaminantes procedentes de motores de combustión interna instalados nas máquinas móbiles non de estrada.

c) Regulamento de execución (UE) 2017/656 da Comisión, do 19 de decembro de 2016, polo que se establecen os requisitos administrativos relativos aos límites de emisións e á homologación de tipo dos motores de combustión interna para máquinas móbiles non de estrada de conformidade co Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello.

d) Regulamento delegado (UE) 2017/686 da Comisión, do 1 de febreiro de 2017, polo que se modifica o Regulamento delegado (UE) 2015/96 no que se refire aos requisitos de eficacia ambiental e rendemento da unidade de propulsión dos vehículos agrícolas e forestais. O Regulamento delegado (UE) 2015/96, incluídas as súas modificacións, foi derogado polo Regulamento delegado (UE) 2018/985 da Comisión, do 12 de febreiro de 2018.

e) Regulamento (UE) 2017/1151 da Comisión, do 1 de xuño de 2017, que complementa o Regulamento (CE) n.º 715/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a homologación de tipo dos vehículos de motor polo que se refire ás emisións procedentes de turismos e vehículos comerciais lixeiros (Euro 5 e Euro 6) e sobre o acceso á información relativa á reparación e ao mantemento dos vehículos, modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, os regulamentos (CE) n.º 692/2008 e (UE) n.º 1230/2012 da Comisión e derroga o Regulamento (CE) n.º 692/2008 da Comisión.

f) Regulamento de execución (UE) 2017/1152 da Comisión, do 2 de xuño de 2017, polo que se establece unha metodoloxía co fin de determinar os parámetros de correlación necesarios para reflectir o cambio no procedemento de ensaio regulamentario en relación cos vehículos comerciais lixeiros e polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 293/2012.

g) Regulamento de execución (UE) 2017/1153 da Comisión, do 2 de xuño de 2017, polo que se establece unha metodoloxía co fin de determinar os parámetros de correlación necesarios para reflectir o cambio no procedemento de ensaio regulamentario e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1014/2010.

h) Regulamento (UE) 2017/1154 da Comisión, do 7 de xuño de 2017, que modifica o Regulamento (UE) 2017/1151, que complementa o Regulamento (CE) n.º 715/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a homologación de tipo dos vehículos de motor polo que se refire ás emisións procedentes de turismos e vehículos comerciais lixeiros (Euro 5 e Euro 6) e sobre o acceso á información relativa á reparación e ao mantemento dos vehículos, modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, os regulamentos (CE) n.º 692/2008 e (UE) n.º 1230/2012 da Comisión e derroga o Regulamento (CE) n.º 692/2008 da Comisión e a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que concirne ás emisións en condicións reais de condución procedentes de turismos e vehículos comerciais lixeiros (Euro 6).

i) Regulamento (UE) 2017/1221 da Comisión, do 22 de xuño de 2017, que modifica o Regulamento (CE) n.º 692/2008 polo que respecta á metodoloxía utilizada para a determinación das emisións de evaporación (ensaio do tipo 4).

j) Regulamento de execución (UE) 2017/1231 da Comisión, do 6 de xuño de 2017, que modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1153 polo que se establece unha metodoloxía co fin de determinar os parámetros de correlación necesarios para reflectir o cambio no procedemento de ensaio regulamentario co obxectivo de aclarar diversos elementos de procedemento e que modifica o Regulamento (UE) n.º 1014/2010.

k) Regulamento (UE) 2017/1347 da Comisión, do 13 de xullo de 2017, que corrixe a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, o Regulamento (UE) n.º 582/2011 da Comisión e o Regulamento (UE) 2017/1151 da Comisión, que complementa o Regulamento (CE) n.º 715/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a homologación de tipo dos vehículos de motor polo que se refire ás emisións procedentes de turismos e vehículos comerciais lixeiros (Euro 5 e Euro 6) e sobre o acceso á información relativa á reparación e ao mantemento dos vehículos, modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello e os regulamentos (CE) n.º 692/2008 e (UE) n.º 1230/2012 da Comisión e derroga o Regulamento (CE) n.º 692/2008.

l) Regulamento delegado (UE) 2017/1576 da Comisión, do 26 de xuño de 2017, que modifica o Regulamento (UE) n.º 540/2014 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos requisitos do sistema de aviso acústico de vehículos para a homologación de tipo UE de vehículos.

m) Regulamento (UE) 2017/2400 da Comisión, do 12 de decembro de 2017, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n.º 595/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á determinación das emisións de CO<sub>2</sub> e o consumo de combustible dos vehículos pesados, e polo que se modifican a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (UE) n.º 582/2011 da Comisión.

n) Regulamento delegado (UE) 2018/295 da Comisión, do 15 de decembro de 2017, polo que se modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 44/2014 no que respecta aos requisitos de fabricación dos vehículos e aos requisitos xerais e o Regulamento delegado (UE) n.º 134/2014 no relativo aos requisitos de eficacia ambiental e rendemento da unidade de propulsión para a homologación dos vehículos de dúas ou tres rodas e os cuadríciclos.

o) Regulamento de execución (UE) 2018/502 da Comisión, do 28 de febreiro de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2016/799 que establece os requisitos para a construción, ensaio, instalación, funcionamento e reparación dos tacógrafos e dos seus compoñentes.

p) Regulamento delegado (UE) 2018/828 da Comisión, do 15 de febreiro de 2018, polo que se modifica o Regulamento delegado (UE) 2015/68 no que se refire aos requisitos relativos aos sistemas de freada antibloqueo, os dispositivos de almacenamento de enerxía de alta presión e as conexións hidráulicas do tipo de conduto único.

q) Regulamento delegado (UE) 2018/829 da Comisión, do 15 de febreiro de 2018, polo que se modifica e corrixe o Regulamento delegado (UE) 2015/208, que complementa o Regulamento (UE) n.º 167/2013 polo que respecta aos requisitos de seguridade funcional dos vehículos para a homologación de vehículos agrícolas e forestais.

r) Regulamento delegado (UE) 2018/830 da Comisión, do 9 de marzo de 2018, que modifica o anexo I do Regulamento (UE) n.º 167/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento delegado (UE) n.º 1322/2014 da Comisión polo que respecta á adaptación da fabricación e aos requisitos xerais de homologación dos vehículos agrícolas e forestais.

s) Regulamento (UE) 2018/858 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre a homologación e a vixilancia do mercado dos vehículos de motor e os seus remolques, e dos sistemas, os compoñentes e as unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 715/2007 e (CE) n.º 595/2009 e polo que se derroga a Directiva 2007/46/CE.

t) Regulamento (UE) 2018/932 da Comisión, do 29 de xuño de 2018, que modifica o Regulamento (UE) n.º 582/2011 polo que respecta ás disposicións relativas aos ensaios mediante sistemas portátiles de medición de emisións (PEMS) e aos requisitos para unha homologación de tipo universal da clase de combustible.

u) Regulamento delegado (UE) 2018/985 da Comisión, do 12 de febreiro de 2018, que complementa o Regulamento (UE) n.º 167/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos requisitos de eficacia ambiental e de rendemento da unidade de propulsión para os vehículos agrícolas e forestais e os seus motores e se derroga o Regulamento delegado (UE) 2015/96 da Comisión.

v) Regulamento de execución (UE) 2018/986 da Comisión, do 3 de abril de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2015/504 no que respecta á adaptación das disposicións administrativas para a homologación e a vixilancia do mercado dos vehículos agrícolas e forestais aos límites de emisións de fase V.

w) Regulamento delegado (UE) 2018/987 da Comisión, do 27 de abril de 2018, polo que se modifica e corrixe o Regulamento delegado (UE) 2017/655, polo que se complementa o Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á vixilancia das emisións de gases contaminantes procedentes de motores de combustión interna instalados nas máquinas móbiles non de estrada.

x) Regulamento de execución (UE) 2018/988 da Comisión, do 27 de abril de 2018, que modifica e corrixe o Regulamento de execución (UE) 2017/656, polo que se establecen os requisitos administrativos relativos aos límites de emisións e á homologación de tipo dos motores de combustión interna para máquinas móbiles non de estrada de conformidade co Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello.

y) Regulamento delegado (UE) 2018/989 da Comisión, do 18 de maio de 2018, polo que se modifica e corrixe o Regulamento delegado (UE) 2017/654, que complementa o Regulamento (UE) 2016/1628 do Parlamento Europeo e do Consello polo que respecta aos requisitos técnicos e xerais relativos aos límites de emisións e á homologación de tipo dos motores de combustión interna destinados ás máquinas móbiles non de estrada.

z) Regulamento de execución (UE) 2018/1002 da Comisión, do 16 de xullo de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1153 co fin de clarificar e simplificar o procedemento de correlación e adaptalo aos cambios do Regulamento (UE) 2017/1151.

aa) Regulamento de execución (UE) 2018/1003 da Comisión, do 16 de xullo de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1152 co fin de clarificar e simplificar o procedemento de correlación e adaptalo aos cambios do Regulamento (UE) 2017/1151.

ab) Regulamento (UE) 2018/1832 da Comisión, do 5 de novembro de 2018, polo que se modifican a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Congreso, o Regulamento (CE) n.º 692/2008 da Comisión e o Regulamento (UE) 2017/1151 da Comisión co fin de mellorar os ensaios e os procedementos de homologación de tipo no concernente ás emisións aplicables a turismos e vehículos comerciais lixeiros, en particular os que se refiren á conformidade en circulación e ás emisións en condicións reais de condución, e polo que se introducen dispositivos para a monitorización do consumo de combustible e enerxía eléctrica.

ac) Regulamento de execución (UE) 2018/2042 da Comisión, do 18 de decembro de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1152 co fin de aclarar as condicións dos ensaios WLTP e garantir o seguimento dos datos relativos á homologación de tipo.

ad) Regulamento de execución (UE) 2018/2043 da Comisión, do 18 de decembro de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1153 co fin de aclarar as condicións dos ensaios WLTP e garantir o seguimento dos datos relativos á homologación de tipo.

ae) Regulamento (UE) 2019/129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xaneiro de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 168/2013 no que se refire

á aplicación da fase Euro 5 á homologación de tipo dos vehículos de dúas ou tres rodas e os cuadriciclos.

af) Regulamento (UE) 2019/318 da Comisión, do 19 de febreiro de 2019, polo que se modifican o Regulamento (UE) 2017/2400 e a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á determinación das emisións de CO<sub>2</sub> e ao consumo de combustible dos vehículos pesados.

ag) Regulamento (UE) 2019/519 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 167/2013, relativo á homologación dos vehículos agrícolas ou forestais, e á vixilancia do mercado dos ditos vehículos.

ah) Regulamento (UE) 2019/543 da Comisión, do 3 de abril de 2019, polo que se modifican o anexo IV do Regulamento (CE) n.º 661/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, e os anexos I, III e IV da Directiva 2007/46/CE do Parlamento e do Consello no que respecta á actualización das referencias a determinados regulamentos da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas sobre a homologación de tipo dos vehículos de motor e á inclusión dalgúns destes regulamentos.

ai) Regulamento delegado (UE) 2019/839 da Comisión, do 7 de marzo de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 540/2014 do Parlamento Europeo e do Consello sobre o nivel sonoro dos vehículos de motor e dos sistemas silenciadores de recambio.

As modificacións que derivan da normativa anterior teñen por obxecto garantir a seguridade dos vehículos, dos outros usuarios das vías públicas e a protección do ambiente. Trátase de adaptar a normativa nestas materias ao progreso técnico.

Con respecto aos vehículos de categorías M, N e O, dezanove disposicións normativas relativas á homologación e á vixilancia do mercado dos vehículos de motor e os seus remolques e dos sistemas, os compoñentes e as unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos, emisións de turismos, vehículos lixeiros e vehículos pesados, así como actualización da regulación para reflectir a aplicación a nivel da UE de novos requisitos nos correspondentes regulamentos da CEPE.

No ámbito dos vehículos agrícolas e forestais publícanse cinco regulamentos delegados e outro de execución, que modifican requisitos relativos aos límites de emisións de gases e partículas contaminantes, a freada e outros requisitos da homologación de tipo.

En canto aos vehículos de categoría L, publícase un regulamento e outro delegado que modifican as disposicións relativas ás emisións, os requisitos de fabricación dos vehículos e os requisitos xerais e os requisitos de eficacia ambiental e rendemento da unidade de propulsión.

Tamén se produciron modificacións no ámbito da contaminación de máquinas de fóra de estrada. Exactamente, publicáronse catro regulamentos delegados e dous de execución relativos á contaminación das máquinas móbiles non de estrada.

Así mesmo, publícase o Regulamento de execución referente aos requisitos de construción, ensaio, instalación, funcionamento e reparación de tacógrafos.

Na súa virtude, de Acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Substitución dos anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.*

Os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da UE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóviles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, substitúense polos que se insiren a continuación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da disposición derradeira quinta da Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida.*

Modifícase a disposición derradeira quinta da Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida, que queda redactada da forma seguinte:

«Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos oito meses da súa publicación no “Boletín Oficial del Estado”.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de abril de 2020.—A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.

## ANEXO I

### 1. Vehículos automóviles e as súas partes e pezas

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Homologación de tipo CE de vehículos de motor</b>				
0				
Directiva 70/156	(-)	(-)		
Directiva 78/315	(-)	(-)		
Directiva 78/547	(-)	(-)		
Directiva 80/1267	(-)	(-)		
Directiva 87/358	(-)	(-)	Real decreto 750/2010, do 4 de xuño <sup>(22)</sup>	Para a obtención dunha homologación de tipo CE será necesario cumprir con toda a regulamentación parcial indicada no anexo correspondente da Directiva 2007/46/CE e as súas últimas modificacións aplicables.
Directiva 87/403	(-)	(-)		
Directiva 92/53	(-)	(A*)		
Directiva 93/81	(-)	(A*)		
Directiva 98/14	(-)	(A*)		
Directiva 2001/116	(-)	(A*)		
<b>Homologación de tipo CE de vehículos de motor</b>				
0A				
Directiva 2007/46 <sup>(1)</sup>	(A)	(A)		Para a obtención dunha homologación de tipo CE será necesario cumprir con toda a regulamentación parcial indicada no anexo correspondente da Directiva 2007/46/CE e as súas últimas modificacións aplicables.
R(CE) 1060/2008 <sup>(2)</sup>	(A)	(A)		Para a obtención dunha homologación de tipo nacional de series curtas será necesario cumprir con toda a regulamentación parcial indicada no anexo correspondente da Directiva 2007/46/CE modificada polo último regulamento aplicable, coas excepcións establecidas no artigo 23.
R(CE) 385/2009 <sup>(3)</sup>	(A)	(A)	Real decreto 750/2010, do 4 de xuño <sup>(22)</sup>	
R(CE) 661/2009 <sup>(4)</sup>	(A)	(A)		
R(UE) 371/2010 <sup>(5)</sup>	(A)	(A)		
R(UE) 183/2011 <sup>(6)</sup>	(A)	(A)		
R(UE) 407/2011 <sup>(7)</sup>	(A)	(A)		
R(UE) 678/2011 <sup>(8)</sup>	(A)	(A) <sup>(8 bis)</sup>		
				<sup>(1)</sup> Obrigatoria para todos os anexos non recollidos nas posteriores modificacións. <sup>(2)</sup> Substitúe os anexos I, III, IV, VI, VII, XI e XV da Directiva 2007/46/CE. <sup>(3)</sup> Substitúe o anexo IX da Directiva 2007/46/CE.

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
R(UE) 523/2012 <sup>(9)</sup>	(A)	(A)		( <sup>4</sup> ) Regulamento de seguridade xeral dos vehículos. Recolle os actos regulamentarios obrigatorios para a homologación de tipo CE.
R(UE) 1229/2012 <sup>(10)</sup>	(A)	(A)		( <sup>5</sup> ) Substitúe os anexos V, X, XV e XVI da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 1230/2012 <sup>(11)</sup>	(A)	(A)		( <sup>6</sup> ) Soamente obrigatoria para homologación individual.
R(UE) 143/2013 <sup>(12)</sup>	(A)	(A)		( <sup>7</sup> ) Desenvolve a lista de regulamentos CEPE/ONU que se aplican con carácter obrigatorio.
R(UE) 195/2013 <sup>(13)</sup>	(A)	(A)		( <sup>8</sup> ) Substitúe o anexo II e modifica os anexos IV, IX e XI da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 136/2014 <sup>(14)</sup>	(A)	(A)		( <sup>8 bis</sup> ) Excepto para extensións de homologación de tipo europea e series curtas nacionais concedidas con anterioridade ao 29-10-12.
R(UE) 133/2014 <sup>(15)</sup>	(A)	(A)		( <sup>9</sup> ) Incorpora regulamentos CEPE/ONU de carácter obrigatorio.
R(UE) 214/2014 <sup>(16)</sup>	(A)	(A) <sup>(16 bis)</sup>		( <sup>10</sup> ) Modifica os anexos IV e XII da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 540/2014 <sup>(17)</sup>	(A)	(A1-07-22)		( <sup>11</sup> ) Modifica o anexo IX da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 1171/2014 <sup>(18)</sup>	(A)	(A*)		( <sup>12</sup> ) Modifica os anexos I e IX da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2015/45 <sup>(19)</sup>	(A)	(A)		( <sup>13</sup> ) Substitúe o anexo VIII e modifica os anexos I e IX da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2015/166 <sup>(20)</sup>	(A)	(A)		( <sup>14</sup> ) Modifica os anexos I, III, IV, IX e XI da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2015/758 <sup>(21)</sup>	(A)	(A)		( <sup>15</sup> ) Modifica os anexos I, III, IV e IX da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2016/1004 <sup>(23)</sup>	(A)	(A*)		( <sup>16</sup> ) Modifica os anexos II, IV, XI e XII e anula o anexo XVIII da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2017/1151 <sup>(24)</sup>	(A)	(A)		( <sup>16 bis</sup> ) Obrigatorio para vehículos homologados de tipo con anterioridade ao 01-11-14 con excepción dos requisitos adicionais relativos a ambulancia e o sistema de ancoraxe de cadeiras de rodas e de retención de ocupantes de vehículos accesibles en cadeira de rodas, que deberán cumprir co especificado na Directiva 2007/46/CE e no Regulamento (UE) 678/2011.
R(UE) 2017/1347 <sup>(25)</sup>	(A)	(A)		( <sup>17</sup> ) Modifica os anexos IV, VI e XI da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2017/2400 <sup>(26)</sup>	(A)	(A)		As datas de aplicación obrigatoria segundo fases e tipos de vehículos no anexo III do propio regulamento.
R(UE) 2018/1832 <sup>(27)</sup>	(A)	(A)		( <sup>18</sup> ) Modifica os anexos I, III, VI, IX, XI e XVII da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2019/543 <sup>(28)</sup>	(A)	(A)		( <sup>19</sup> ) Modifica os anexos I e IX da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>20</sup> ) Modifica os anexos I, IV, VII, XI, XV e XVI da Directiva 2007/46/CE. Actualiza regulamentos CEPE/ONU de carácter obrigatorio.
				( <sup>21</sup> ) Modifica os anexos I, III, IV e XI da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>22</sup> ) Será aplicable á homologación de tipo nacional de series curtas e homologación individual.
				( <sup>23</sup> ) Modificación do anexo IV do Regulamento. (CE) 661/2009 e novas datas de obrigatoriedade para determinados actos regulamentarios.
				( <sup>24</sup> ) Corrixe os anexos I, VIII, IX e XI da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>25</sup> ) Modifica os anexos I, III, IV, IX e XV da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>26</sup> ) Modifica os anexos I, III, VIII, IX e XI da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>27</sup> ) Modifica os anexos I, III, VIII, IX e XI da Directiva 2007/46/CE.
				( <sup>28</sup> ) Modifica o anexo IV do R(CE)661/2009 e os anexos I, III e IV da Directiva 2007/46/CE.

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Reglamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Homologación de tipo UE de vehículos de motor</b>				
OB R(UE) 2018/858 <sup>(1)</sup>	(A* 05-07-20) (A 01-09-20)	(A* 05-07-20)	Real decreto 750/2010, do 4 de xuño <sup>(2)</sup>	<sup>(1)</sup> Non invalidará ningunha homologación de tipo de vehículo, sistemas, compoñentes ou unidades técnicas independentes concedidas con anterioridade ao 31/08/20. Obrigación de admitir a partir do 05-07-20. <sup>(2)</sup> Será aplicable a homologación de tipo nacional de series curtas e H. individual.
<b>Homologación de tipo internacional</b>				
OC	(A*)	-	Reglamento N° 0 CEPE <sup>(1)</sup>	<sup>(1)</sup> Disposicións uniformes relativas á homologación de tipo internacional de vehículo enteiro (IWVTA). Optativo.
<b>Nivel sonoro admisible</b>				
1		(-)		
	(-)	(-)		
Directiva 70/157	(-)	(-)		
Directiva 73/350	(-)	(-)		
Directiva 77/212	(-)	(-)		
Directiva 81/334	(-)	(-)		
Directiva 84/372	(-)	(-)		
Directiva 84/424	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ ONU 51 (L)	<sup>(1)</sup> Derroga a Directiva 70/157/CEE a partir do 01-07-27. As datas de aplicación obrigatoria, segundo fases e tipos de vehículos para novos tipos e novas matriculacións, establécense no anexo III do propio regulamento.
Directiva 89/491	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ ONU 138 (L)	<sup>(2)</sup> Introduce/modifica requisitos do sistema de aviso acústico de vehículos (SAAV) para vehículos eléctricos, híbridos e eléctricos puros, en correspondencia co Regulamento CEPE/ONU 138.
Directiva 92/97	(-)	(A)		
Directiva 96/20	(-)	(A*)		
Directiva 1999/101	(-)	(A01-07-22)		
Directiva 2007/34	(-)	(A*)		
R(UE) 540/2014 <sup>(1)</sup>	(A)	(A01-07-21)		
R(UE) 2017/1576 <sup>(2)</sup>	(A)	(A*)		
R(UE) 2019/839 <sup>(2)</sup>	(A)	(A01-07-21) (A*)		
<b>Emisións de vehículos</b>				
2	(-)	(-)		
Directiva 70/220	(-)	(-)		
Directiva 74/290	(-)	(-)		
Directiva 77/102	(-)	(-)		
Directiva 78/665	(-)	(-)		
Directiva 83/351	(-)	(-)		
Directiva 88/76	(-)	(-)		
Directiva 88/436	(-)	(-)		
Directiva 89/458	(-)	(-)		
Directiva 89/491	(-)	(-)		
Directiva 91/441	(-)	(-)		
Directiva 93/59	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ ONU 83 (L)	
Directiva 94/12	(-)	(-)		
Directiva 96/44	(-)	(-)		
Directiva 96/69	(-)	(-)		
Directiva 98/77	(-)	(-)		
Directiva 98/69	(-)	(-)		
Directiva 1999/102	(-)	(-)		
Directiva 2001/1	(-)	(-)		
Directiva 2001/100	(-)	(-)		
Directiva 2002/80	(-)	(-)		
Directiva 2003/76	(-)	(-)		



1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Emisións (Euro 5 e Euro 6) dos vehículos lixeiros / acceso á información</b>				
2A				<p>O Regulamento (CE) 715/2007 derogou as directivas anteriores a partir do 02-01-13 e derogou a Directiva 80/1269/CEE a partir do 31-12-13; modifica a Directiva 2007/46/CE. Compléméntase co correspondente Regulamento da Comisión, se é o caso.</p> <p>(<sup>1</sup>) Establece os anexos técnicos do Regulamento (CE) 715/2007 e as datas de aplicación en función dos límites para cada categoría.</p> <p>(<sup>2</sup>) Soamente introduce o ensaio de potencia para vehículos lixeiros Regulamento (CE) 715/2007.</p> <p>(<sup>3</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 715/2007 e o Regulamento (CE) 692/2008.</p> <p>(<sup>4</sup>) Modifica requisitos técnicos e complementa as datas de aplicación establecidas no Regulamento (CE) 692/2008.</p> <p>(<sup>5</sup>) Inclúe vehículos propulsados por H2 e H2+gas natural e modifica anexos do Regulamento (CE) 692/2008.</p> <p>(<sup>6</sup>) Categoría N<sub>1</sub>. Modifica os anexos I e IX da Directiva 2007/46/CE.</p> <p>(<sup>7</sup>) Ecoinnovacións. Modifica os anexos I, VIII e IX da Directiva 2007/46/CE.</p> <p>(<sup>8</sup>) Substitúe o anexo I do Regulamento (CE) 595/2009.</p> <p>(<sup>9</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 692/2008. Anexo XX obrigatorio a partir do 31-08-18.</p> <p>(<sup>10</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 692/2008 no relativo a tecnoloxías innovadoras para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> de vehículos comerciais lixeiros.</p> <p>(<sup>11</sup>) Aceptable para a medida de consumo de combustible.</p> <p>(<sup>12</sup>) Aceptable para a medida de potencia de motor.</p> <p>(<sup>13</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 692/2008. Establece condicións de ensaio RDE.</p> <p>(<sup>14</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 692/2008.</p> <p>(<sup>15</sup>) Complementa o Regulamento (CE) N° 715/2007, modifica a Directiva 2007/46/CE e os regulamentos (CE) 692/2008 e (UE) 1230/2012. V</p> <p>(<sup>16</sup>) Correlación NEDC/WLTP vehículos comerciais,</p> <p>(<sup>17</sup>) Correlación NEDC/WLTP vehículos de turismo.</p> <p>(<sup>18</sup>) Modifica o Regulamento (UE) 2017/1151.</p> <p>(<sup>19</sup>) Modifica o Regulamento (CE) 692/2008. Novo ensaio de evaporación (tipo 4).</p> <p>(<sup>20</sup>) Modifica o Regulamento (UE) 2017/1153.</p> <p>(<sup>21</sup>) Corrixe a Directiva 2007/46/CE, os regulamentos (UE) 582/2011 e 2017/1151.</p> <p>(<sup>22</sup>) Modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1153 da Comisión.</p> <p>(<sup>23</sup>) Modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/1152 da Comisión.</p> <p>(<sup>24</sup>) Modifica a Directiva 2007/46/CE, o Regulamento (CE) 692/2008 e o Regulamento (UE) 2017/1151. Conformidade en servizo e monitorización do consumo de combustible.</p>
	R(CE) 715/2007	(A)	(A)	
	R(CE) 692/2008 ( <sup>1</sup> )	(A)	(A)	
	R(CE) 595/2009 ( <sup>2</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 566/2011( <sup>3</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 459/2012 ( <sup>4</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 630/2012 ( <sup>5</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 143/2013 ( <sup>6</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 195/2013 ( <sup>7</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 133/2014 ( <sup>8</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 136/2014 ( <sup>9</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2015/45 ( <sup>10</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2016/427 ( <sup>13</sup> )	(A)	(A)	Regulamento CEPE/
	R(UE) 2016/646 ( <sup>14</sup> )	(A)	(A)	ONU 101 ( <sup>11</sup> ) (L),
	R(UE) 2017/1151 ( <sup>15</sup> )	(A)	(A)	Regulamento CEPE/
	R(UE) 2017/1152 ( <sup>16</sup> )	(A)	(A)	ONU 85 ( <sup>12</sup> ) (L)
	R(UE) 2017/1153 ( <sup>17</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2017/1154 ( <sup>18</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2017/1221 ( <sup>19</sup> )	(A*)	(A)	
	R(UE) 2017/1231 ( <sup>20</sup> )	(A1-09-19)	(A*)(A1-09-19)	
	R(UE) 2017/1347 ( <sup>21</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2018/1002 ( <sup>22</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2018/1003 ( <sup>23</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2018/1832 ( <sup>24</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2018/2042 ( <sup>23</sup> )	(A)	(A)	
	R(UE) 2018/2043 ( <sup>22</sup> )	(A)	(A)	

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Depósitos de carburante / Dispositivos de protección traseira</b>				
3				
Directiva 70/221	(-)	(-)		
Directiva 79/490	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ONU 34 (R)	
Directiva 81/333 (1)	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ONU 58 (R)	(1) Non afecta os depósitos de combustible.
Directiva 97/19 anexo I	(-)	(-)		
Directiva 2000/8	(-)	(-)		
Directiva 2006/20	(-)	(-)		
<b>Prevención de riscos de incendio (depósitos de combustible líquido)</b>				
3A				
R(CE) 661/2009 (1) (2)	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 34 (R)	(1) Derrogou a Directiva 70/221/CEE a partir do 01-11-14. (2) En caso de vehículos equipados cunha instalación de GLP ou GNC, requírese unha homologación de tipo de vehículo de acordo co Regulamento CEPE/ONU 67 ou co Regulamento CEPE/ONU 110. En categoría O: non é obrigatorio o cumprimento da parte II do Regulamento CEPE/ONU 34.
<b>Dispositivos de protección traseira contra o incrustamento e a súa instalación</b>				
3B				
R(CE) 661/2009 (1)	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 58 (R)	(1) Derrogou a Directiva 70/221/CEE a partir do 01-11-14.
<b>Colocación da placa de matrícula traseira</b>				
4				
Directiva 70/222	(-)	(-)		
<b>Colocación e instalación das placas de matrícula</b>				
4A				
R(CE) 661/2009 (1)	(A)	(T) (A)		(1) Derrogou a Directiva 70/222/CEE a partir do 01-11-14.
R(UE) 1003/2010	(A)	(A)		(2) Obrigatorio para novas localizacións e montaxe de placas traseiras de matrícula e opcional para novos tipos de vehículos ata a súa inclusión no anexo IV da Directiva 2007/46/CE.
R(UE) 2015/166 (2)	(A*)	(A*)		

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Forza sobre o mando de dirección</b>				
5				
Directiva 70/311	(-)	(-)	Reglamento CEPE/ONU 79 (R)	(1) Non aceptable para vehículos M <sub>1</sub> .
Directiva 92/62 (1)	(-)	(-)		(2) Obrigatorio soamente para vehículos M <sub>1</sub> .
Directiva 1999/7 (2)	(-)	(-)		
<b>Mecanismo de dirección</b>				
5A				
R(CE) 661/2009 (1) (2)	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 79 (R)	(1) Derrogou a Directiva 70/311/CEE a partir do 01-11-14. (2) Aplicable a M, N e O. Non se poderán seguir concedendo extensións á Directiva a partir do 01-11-14 para os tipos de vehículos equipados cun mecanismo de dirección que contén sistemas electrónicos de control de vehículo complexos.

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Pechaduras e bisagras das portas</b>				
6	Directiva 70/387 Directiva 98/90 Directiva 2001/31	(-) (-) (-)	(-) (-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 11 (R) Regulamento CEPE/ONU 11: obrigatorio soamente para vehículos M <sub>1</sub> e N <sub>1</sub> .
<b>Acceso ao vehículo e a súa manobrabilidade (medidas, estribos e asas de suxeición)</b>				
6A	R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup> R(UE) 130/2012	(A) (S) (A)	(S) (T) (A) (S) (A*)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 70/387/CEE do punto 6 anterior a partir do 01-11-14. <sup>(2)</sup> Non se poderán seguir concedendo extensións á Directiva a partir do 01-11-14 para tipos de vehículos en caso de cambios no deseño ou de introdución de calquera porta traseira ou porta corredía.
<b>Pechaduras das portas e compoñentes de retención das portas</b>				
6B	R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 11 (R) <sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 70/387/CEE do punto 6 anterior a partir do 01-11-14.
<b>Sinais acústicos</b>				
7	Directiva 70/388	(-)	(-)	Regulamento CEPE/ONU 28 (R)
<b>Avisadores acústicos e sinais acústicos</b>				
7A	R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 28 (R) <sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 70/388/CEE a partir do 01-11-14.
<b>Retrovisores / dispositivos de visión indirecta</b>				
8	Directiva 71/127 Directiva 79/795 Directiva 85/205 Directiva 86/562 Directiva 88/321 Directiva 2003/97 Directiva 2005/27	(-) (-) (-) (-) (-) (-) (-)	(-) (-) (-) (-) (-) (-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 46 (R)
<b>Dispositivos de visión indirecta e a súa instalación</b>				
8A	R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 46 (R) <sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 2003/97/CE e a Directiva 2005/27/CE a partir do 01-11-14. A partir do 01-07-16 o R(UE) 2016/1004 non permite a aplicación da letra (T) para vehículos de categorías N <sub>2</sub> e N <sub>3</sub> .
<b>Freada</b>				
9	Directiva 71/320 Directiva 74/132 Directiva 75/524 Directiva 79/489 Directiva 85/647 Directiva 88/194 Directiva 91/422 Directiva 98/12 Directiva 2002/78	(-) (-) (-) (-) (-) (-) (-) (-) (-)	(-) (-) (-) (-) (-) (-) (-) (-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 13, Regulamento CEPE/ONU 13-H <sup>(1)</sup> (R) <sup>(1)</sup> Soamente para M <sub>1</sub> e opcional N <sub>1</sub> .

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Regulamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Freada dos vehículos e remolques</b>				
9A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(A) (S)	Regulamento CEPE/ONU 13 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 71/320/CEE a partir do 01-11-14. A partir da obrigatoriedade de montar ESC será necesario ensaio complementario segundo Regulamento CEPE/ONU 13R.
<b>Freada dos vehículos de turismo</b>				
9B R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(A) (S)	Regulamento CEPE/ONU 13-H (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 71/320/CEE a partir do 01-11-14. A partir da obrigatoriedade de montar ESC será necesario ensaio complementario segundo Regulamento CEPE/ONU 13-H.
<b>Antiparasitadura</b>				
Directiva 72/245 Directiva 89/491	(-) (-)	(-) (-)		
<b>Compatibilidade electromagnética</b>				
10 Directiva 95/54 Directiva 2004/104 Directiva 2005/49 <sup>(1)</sup> Directiva 2005/83 Directiva 2006/28 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup> Directiva 2009/19 <sup>(3)</sup>	(-) (-) (-) (-) (-) (-)	(-) (-) (-) (-) (-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 10 (R)	<sup>(1)</sup> Soamente aplicable a vehículos equipados con radares de curto alcance. (A1-7-13) Para vehículos con radar de curto alcance na banda do 24 GHz. <sup>(2)</sup> Esta directiva tamén modifica anexos da Directiva 70/156/CEE. <sup>(3)</sup> Refírese aos compoñentes para recambios.
<b>Compatibilidade electromagnética</b>				
10A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 10 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 72/245/CEE a partir do 01-11-14. <sup>(2)</sup> Non se poderán seguir concedendo extensións á Directiva a partir do 01-11-14 para os tipos de vehículos equipados con propulsión eléctrica. (N)
<b>Acondicionamento interior</b>				
12 Directiva 74/60 Directiva 78/632 Directiva 2000/4	(-) (-) (-)	(-) (-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 21 (R)	
<b>Acondicionamento interior</b>				
12A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 21 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/60/CEE a partir do 01-11-14.
<b>Dispositivos antirrobo</b>				
13 Directiva 74/61 Directiva 95/56	(-) (-)	(-) (-)	Regulamento CEPE/ONU 18, Regulamento CEPE /ONU 97 para os sistemas de alarma (SAV), Regulamento CEPE/ONU 116 (R)	
<b>Protección dos vehículos de motor contra a utilización non autorizada</b>				
13A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Regulamento CEPE/ONU 18 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/61/CEE a partir do 01-11-14.

1	2	3	4	5
Materia obxecto de regulamentación (H) (D) Disposicións europeas Art. 3.	Novos tipos Art. 4.1	Nova matrícula Art. 4.2	Reglamentación a que se refire Art. 4.3 (F) (M)	Observacións
<b>Protección dos vehículos de motor contra a utilización non autorizada</b>				
13B R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 116 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/61/CEE a partir do 01-11-14.
<b>Comportamento do mecanismo de dirección en caso de colisión</b>				
14 Directiva 74/297 Directiva 91/662	(-) (-)	(-) (-)	Reglamento CEPE/ONU 12 (R)	
<b>Protección do condutor contra o mecanismo de dirección en caso de colisión</b>				
14A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 12 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/297/CEE a partir do 01-11-14. <sup>(2)</sup> Non se poderán seguir concedendo extensións á Directiva a partir do 01-11-14 para os vehículos con propulsión eléctrica.
<b>Resistencia dos asentos</b>				
15 Directiva 74/408 Directiva 81/577 Directiva 96/37 Directiva 2005/39	(-) (-) (-) (-)	(-) (-) (-) (-)	Reglamento CEPE/ONU 17	
<b>Resistencia de asentos e as súas ancoraxes e apoiacabezas</b>				
15A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup>	(A)	(A) (S)	Reglamento CEPE/ONU 17	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/408/CEE a partir do 01-11-14.
<b>Asentos de vehículos de pasaxeiros de grandes dimensións</b>				
15B R(CE) 661/2009	(A)	(A) (S)	Reglamento CEPE/ONU 80 (R)	
<b>Sáintes exteriores</b>				
16 Directiva 74/483 Directiva 79/488 Directiva 2007/15	(-) (-) (-)	(-) (-) (-)	Reglamento CEPE/ONU 26 (R)	
<b>Sáintes exteriores</b>				
16A R(CE) 661/2009 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>	(A)	(S) (T) (A)	Reglamento CEPE/ONU 26 (R)	<sup>(1)</sup> Derrogou a Directiva 74/483/CEE a partir do 01-11-14. <sup>(2)</sup> Non se poderán seguir concedendo extensións á directiva a partir do 01-11-14 para antenas de aleta de quenlla.
<b>Aparello indicador de velocidade e marcha atrás</b>				
17 Directiva 75/443 Directiva 97/39	(-) (-)	(-) (-)	Reglamento CEPE/ONU 39 (R)	
<b>Acceso ao vehículo e a súa manobrabilidade</b>				
